E A VIDA CONTINÚA

[Abbas Kiarostami, 1991, Irán, 96 min., VOSE]

Lingua **Persa**
Dirección, guión e montaxe **Abbas Kiarostami**
Elenco **Farhad Kheradmand, Buba Bayour, Hocine Rifahi, Maassouma Berouana, Ferhendeh Feydi, Mahrem Feydi, Bahrovz Aydini, Mohamed Hocinerouhi, Hocine Khadem, Ziya Babai**
Produción **Kanun Parvaresh Fekri**
Distribución **Avalon**

Despois do terremoto de 1990, Kiarostami regresou á vila de Koker onde uns anos antes gravara *Onde está a casa do meu amigo?* Combinando ficción e realidade nunha road movie lúdica e conmovedora, o filme segue ao suposto director do seu filme anterior (alter ego do propio Kiarostami) para descubrir se os nenos que o protagonizaran están entre os superviventes.

SETEMBRO

Todas as sesións ás 20.30 h, en VOSE

Martes 26
GODLAND (Hlynur Pálmason, 2022, Dinamarca, 143 min.)

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

cineclubepontevedra.blogspot.com.es

cineclubepontevedra

CineclubePo

Coa colaboración de:

Concello de Pontevedra

FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Sesións de Filmoteca #45
25.9.2023

E A VIDA CONTINÚA

ABBAS KIAROSTAMI

CINECLUBE PONTEVEDRA | FILMOTECA DE GALICIA

O XARDÍN DE PEDRA
Por Alberto ELena

Imposible presentar o filme mellor có propio Kiarostami nun texto escrito para o press-book orixinal: «En xuño de 1990, un terremoto de catastróficas proporcións asolou o norte de Irán, causando a morte de decenas de miles de persoas, así como danos incalculables. Inmediatamente decidín viaxar ata Koker, a aldea onde catro anos antes rodara *Onde está a casa do meu amigo?*, co propósito de averiguar que fóra dos dous nenos que interviran no filme. Non logrei atopalos, pero vin tantas outras cousas... Constatei os esforzos da xente por reconstruír as súas vidas malia as perdas materiais e os danos emocionais. Ser testemuña de tal entusiasmo pola vida mudou progresivamente o meu punto de vista».

Kiarostami recibe a nova do terremoto cando se dispón a celebrar o seu quincuaxésimo aniversario con algúns amigos e recoñece que a experiencia da improvisada viaxe foi «decisiva» na súa vida: «o terremoto tivo lugar dentro de min». Tres días despois, acompañado polo seu fillo (como sucede no filme), desprázase ata a rexión de Gilan, epicentro do terremoto e lugar de orixe da súa familia. Mais as estradas continúan cortadas e non pode acceder ao lugar, polo que regresa a Teherán esa mesma noite. Uns poucos días máis tarde repite a viaxe e obtén unha impresión nítida da dimensión da catástrofe, aínda que non consiga localizar os pequenos Ahmad e Babak Ahmadpur. Mais, como na sura coránica que alude ao Xuízo Final, co terremoto a terra semella contar entón canto sabe e aí está, como testemuña conmocionada dun xardín de pedra, deambulando entre as ruínas, un aflixido Kiarostami:

> Cando sexa sacudida a terra polo seu terremoto,
> expulse a terra a súa carga
> e o home se pregunte: «Que é o que lle pasa?»,
> ese día contará as súas noticias, segundo o que o teu Señor lle inspire.
> Ese día os homes xurdirán en grupos, para que se lles mostren as súas obras.
> Quen fixera o peso dun átomo de ben, verao.
> E quen fixera o peso dun átomo de mal, verao.

E a vida continúa nace, pois, dunha experiencia íntima do cineasta e constrúese precisamente en función da viaxe de descuberta acometida por este. Igual que en *Onde está a casa do meu amigo?*, trátase aparentemente de atopar alguén coñecido, alguén de quen o protagonista se viu separado e cuxa ausencia lle obsesiona, pero este non é en realidade máis ca o pretexto doutra clase de procura.

Kiarostami foxe da crónica de urxencia para situarse decididamente nas antípodas da reportaxe sensacionalisa. En realidade, nin un só plano do filme foi filmado durante as viaxes de *localizacións* (expresión técnica que aquí adquire resonancias máis profundas), senón que todo foi reconstruído con posterioridade en función das necesidades da rodaxe. Malia a confusión xerada ás veces ao respecto, Kiarostami nunca ocultou tal circunstancia: «Rodei unha parte do filme cinco meses despois do terremoto e o resto once meses máis tarde. Todo foi reconstruído, aínda que mantendo unha aparencia documental». Por outra banda, Kiarostami tampouco pon reparos en asumir o evidente anacronismo resultante de rodar en períodos distintos daquel —comezo do verán— en que tivera lugar o terremoto: «Comecei a rodaxe cinco meses despois da catástrofe mentres que a historia que conta comeza tan só cinco días despois, pero quixen adoptar certa distancia fronte aos feitos para evitar a aparencia dunha rodaxe sensacionalista». Noutro lugar aclara: «Cando fun alí por primeira vez estaba moi triste e anoxado. De comezar a rodaxe tres días despois do terremoto, a miña cámara só rexistraría o que calquera outro documental, morte e destrución». En efecto, como moitos críticos sinalaron oportunamente a raíz da presentación do filme, *E a vida continúa* non só foxe por completo das trampas do sensacionalismo, senón que foxe de calquera tentación *voyeurista* e de calquera concesión ao sentimentalismo. O xogo líbrase noutro terreo.

A viaxe ata a zona sinistrada, incluíndo o monumental atoamento de tráfico (tamén reconstruído), constitúe antes que nada un verdadeiro inventario da catástrofe, inevitablemente eficaz en termos do seu impacto sobre o espectador malia evitar calquera clase de énfase. Non obstante, o que verdadeiramente lle importa a Kiarostami non é tanto o que acontece fóra do vehículo coma as esenciais transformacións que experimentan os seus dous ocupantes a medida que se van familiarizando coa dimensión da traxedia e a reacción dos superviventes.

«Non sei que crime cometeu esta nación para que a castigue Deus», espétalle un camioneiro ao cineasta mentres permanecen bloqueados no grande atasco de Rudbar. O cineasta garda silencio. Probablemente non ten respostas, nin para esta nin para outras moitas cuestións. «O punto de partida de *E a vida continúa* —explica Kiarostami—era un personaxe que só sabe mirar», un perpetuo observador que non obstante non atina a desentrañar o sentido do que o rodea e que, ao longo da viaxe, en estreito contacto co seu fillo, mais tamén coa natureza e a xente da rexión, aprenderá cando menos a mirar doutro xeito.

Recollido de *Abbas Kiarostami* (Cátedra, 2002).
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.